



MEMORIA XUSTIFICATIVA

AMPLIACIÓN DO IES MARCO DO CAMBALLÓN DE VILA DE CRUCES (Pontevedra). Xustificación da necesidade.

I.1 Os datos de alumnado no IES Marco do Camballón de Vila de Cruces.

A evolución do alumnado matriculado no IES ven sendo positiva, como demostran os seguintes datos:

Nº de alumnos matriculados en ensinanza de réxime xeral. Centro: 36020386 - IES Marco do Camballón. Curso 2014/2015.

Cód. Centro	Nome Centro	Concello	Réxime	Ensinanza	Curso	Alumnos
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Bacharelato	1º Bacharelato	24
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Bacharelato	2º Bacharelato	23
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Ciclos formativos	1º Servizos administrativos	7
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Ciclos formativos	1º Soldadura e caldeiraría	12
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Ciclos formativos	2º Soldadura e caldeiraría	16
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria	1º Ensinanza secundaria obrigatoria	31
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria	2º Ensinanza secundaria obrigatoria	24
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	29
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria	4º Ensinanza secundaria obrigatoria	28
Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral Técnica.						194

Nº de alumnos matriculados en ensinanza de réxime xeral. Centro: 36020386 - IES Marco do Camballón. Curso 2015/2016 .

Cód. Centro	Nome Centro	Concello	Réxime	Ensinanza	Curso	Alumnos
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Bacharelato	1º Bacharelato	21
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Bacharelato	2º Bacharelato	23
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Ciclos formativos	1º Atención a persoas en situación de dependencia	18
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Ciclos formativos	1º Servizos administrativos	8
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Ciclos formativos	1º Soldadura e caldeiraría	21
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Ciclos formativos	2º Servizos administrativos	2
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Ciclos formativos	2º Soldadura e caldeiraría	12
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria	1º Ensinanza secundaria obrigatoria	28
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria	2º Ensinanza secundaria obrigatoria	29
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	23
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria	4º Ensinanza secundaria obrigatoria	27
Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral Técnica.						212

Sendo especialmente relevante en Formación Profesional, onde se pasou de 35 a 61 alumnos debido ao aumento da matrícula no ciclo de soldadura e caldeiraría, e pola creación do novo ciclo de atención a persoas en situación de dependencia, ambos con expectativas de inserción laboral, tendo en conta a demanda existente no mercado.

I.2. Xustificación da necesidade.

Segundo informe motivado do servizo de Inspección Provincial, no curso 2015-2016 imprantouse no IES Marco do Camballón de Concello de Vila de Cruces o Ciclo Formativo de grao medio de atención a persoas en situación de dependencia.

Este CF veu atender unha demanda non só do Concello de Vila de Cruces se non tamén doutros concellos do entorno que viron nesta implantación un aumento da posibilidade dos alumnos de atopar unha saída profesional axeitada aos seus intereses.

No presente curso matriculáronse 18 alumnos para cursar o primeiro ano de ciclo e a previsión para o próximo curso é dun mínimo de vinte alumnos.

Estes alumnos están sendo atendidos nas actuais instalacións do centro pero precisan duns espazos axeitados ás necesidades do ciclo.

I.3. Descrición da actuación.

A ampliación que se proxecta supón a creación de dúas aulas taller, imprescindibles para as prácticas do módulo, xa que polo material específico das prácticas precísanse espazos de certa amplitude. Ademais farase un aula específica e dous almacéns para gardar o material que teñen que utilizar os alumnos.

As obras que se proxectan mellorarán, sen dúbida, o traballo práctico dos alumnos do ciclo formativo e, ao tempo, van supoñer un aliciente para aqueles alumnos que, en anos sucesivos, pretendan escoller estas ensinanzas para completar a súa formación e incorporarse ao mundo do traballo.

As obras posibilitarán o peche dun espazo cuberto existente para a nova implantación do ciclo de “Atención a persoas dependentes”, de alta demanda. Constan das seguintes fases:

1º Demolición da soleira, paredes, revestimentos, traslado de saneamento, nos espazos a utilizar.

2º Ampliación de 427,84 m² útiles en planta baixa, con creación de dúas aulas taller con baño adaptado e cociña, un aula polivalente preparada para o uso de equipos informáticos, un departamento e dous almacéns.

3º Estas actuacións esixen ademais, a mellora da instalación de subministro de auga, de protección contra incendios e o redimensionamento da instalación de calefacción.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2016

O secretario xeral técnico,

Jesús Oitavén Barcala